



Rapaciñ@s Dixitais

Edición 2024



AXENCIA PARA A
MODERNIZACIÓN
TECNOLÓXICA DE GALICIA



Edita: Xunta de Galicia
Consellería de Facenda e Administración Pública
Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega)

Lugar: Santiago de Compostela
Ano: 2025

Este documento distribúese baixo licencia Creative Commons
Atribución: Compartir baixo a licencia 4.0 Internacional (CC BY-SA 4.0)
Dispoñible en: <https://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/deed.gl>

Contidos

1. Presentación: estratexia e contexto dixital galego	4
2. Rapaciñ@s dixitais: acceso ás tecnoloxías	9
2.1 Uso de dispositivos electrónicos	10
2.2 Uso dos ordenadores	16
2.3 Uso dos smartphones	22
2.4 Uso de Internet	28
3. Tendencias dixitais dos rapaciños e dos moz@s	36
3.1 Actividades realizadas na Internet pol@s rapaciñ@s	37
3.2 Actividades realizadas na Internet pola mocidade	42
4. Moz@s: uso das tecnoloxías na rede	43
4.1 Comercio electrónico	44
4.2 Ciberseguridade	46
4.3 Administración electrónica	48
5. Comparación por idades: rapaciñ@s e adult@s	50
6. Acceso aos equipamentos educativos dixitais	55
6.1 Equipamentos nos fogares con rapaciñ@s	56
6.2 Equipamentos dixitais nos centros educativos de Galicia	60
7. Conclusións	65
8. Outros estudos relacionados de OSIMGA	68





1. Presentación

1.1 Rapaciñ@s dixitais

O informe de *Rapaciñ@s dixitais* é elaborado polo OSIMGA dende 2022. Forma parte da aposta por estender a análise da dixitalización da sociedade galega e comprobar como está a evolucionar desde as idades máis temperás. Analízanse datos da enquisa estrutural a fogares do IGE, nesta edición os do ano 2024. O módulo de preguntas sobre nenos/as de 5 a 15 anos é máis reducido que o dirixido á poboación xeral, pero permite coñecer detalles do uso de internet e diferentes dispositivos dixitais da rapazada galega.

No informe do ano pasado houbo un lixeiro descenso no nivel xeral de dixitalización, que nos fixo pensar no fin da excepcionalidade tras a pandemia, que alterou os hábitos e tendencias; e unha certa resistencia á substitución das ferramentas tradicionais polas dixitais nas contornas educativas. Este ano vemos como se frea ese descenso e estabilízase ou aumenta o acceso ás tecnoloxías dos rapaciñ@s.

A fonte de información principal é o módulo de novas tecnoloxías da enquisa estrutural aos fogares, que desenvolve o Instituto Galego de Estatística (IGE), dirixida á poboación de 5 a 15 anos. A información foi proporcionada polos adultos titores. Nesta edición abránguese, en concreto, a seguinte información:

- Disposición smartphone.
- Uso de tablets e ordenadores (sobremesa e portátiles), e outros dispositivos.
- Acceso a internet, actividades que realizan.
- Ciberseguridade
- Administración electrónica.

Todos estes indicadores son desagregados por xénero, tramos de idade, áreas xeográficas e segundo se residen nunha vivenda en "risco de pobreza"*. Tamén se incorporan no informe indicadores sobre a dixitalización dos fogares nos que viven @s rapaciñ@s, comparándoos co do resto de fogares. Tamén se achega información doutras fontes de datos sobre equipamentos tecnolóxicos nos centros educativos. O informe inclúe tamén datos estatísticos dos moz@s galegos de 16 a 34 anos, achegando una visión específica deste colectivo e comparalo cos rapaciños e coa poboación maior de 34 anos e menor de 75.

Algunhas das gráficas non ofrecerán datos para 2022 debido a unha discontinuidade na serie histórica por variacións no cuestionario aplicado. Ese ano aplicouse a enquisa co módulo sobre novas tecnoloxías que, ao non actualizarse como o xeral, incluía teléfono móbil en lugar de smartphone e incorporaba tablets dentro da categoría de ordenadores.

*Considérase que unha persoa está en risco de pobreza cando o seu ingreso equivalente é inferior ao limiar de risco de pobreza de Galicia, que se establece no 60% da mediana de ingresos equivalentes. Os ingresos equivalentes son o resultado de dividir os ingresos do fogar polas unidades de consumo do fogar.

1.2 Estratexia Galicia Dixital 2030

A incesante transformación dixital da sociedade galega materialízase a través de novas formas de traballar, xestionar servizos, relacionarse coa administración, formarse e vivir o tempo de lecer. A Administración Autonómica Galega impulsa esta transformación mediante instrumentos vertebrados a través da Estratexia Galicia Dixital 2030 (EGD2030).

Esta estratexia pon énfase na atención aos diferentes colectivos, áreas xeográficas e perfís que poidan ter máis dificultades na incorporación á dixitalización. Neste contexto é de vital importancia achegar análises máis desagregadas e especializadas sobre o alcance da dixitalización, focalizando nos colectivos máis vulnerables.

A adquisición de competencias dixitais comeza dende nenos, e interveñen factores do entorno social e familiar. As fendas dos diferentes usos e accesos á dixitalización nos fogares poden ser compensados en parte a través dos recursos do sistema educativo, que tamén teñen un espazo no último capítulo deste informe. Neste caso as fontes de datos son directamente rexistros da propia Consellería de Educación, ciencia, Universidades e Formación Profesional e do Ministerio de Educación, Formación Profesional e Deportes.

O uso das tecnoloxías dixitais dos máis novos permítelles optar a mellorar o seu nivel de competencias dixitais, tendo en conta sempre os usos seguros e recomendables para garantir a súa protección, adaptados ao nivel de madurez e coñecementos dos nen@s en cada etapa vital.

Neste estudo faise unha análise da dixitalización da xente máis moza en Galicia a partir da explotación da enquisa aos fogares de Galicia:

- ✓ Usos de dispositivos e internet de nenos/as de 5 a 15 anos.
- ✓ Información sobre equipamentos nas vivendas onde residen nenos/as en idade escolar obrigatoria, de 3 a 16 anos.
- ✓ Comparativas con outros tramos de idade
- ✓ Engádense indicadores de fontes externas como o INE, o IGE e o Ministerio de Educación e Formación Profesional.

Para dar conta da evolución, preséntanse os resultados, nas variables que presentan continuidade nas diferentes edicións, dos catro últimos anos das enquisas a fogares do IGE.

1.3 Economía e Sociedade Dixital en Galicia

Dinámicas da poboación galega


As características sociodemográficas da Comunidade Galega evolucionan de forma constante.

A poboación galega acada unha media de idade de 48,36 anos fronte aos 44,37 anos de media de España e dos 44,75 anos da UE. Este indicador non deixa de crecer, polo aumento da esperanza de vida e baixa natalidade, que a inmigración non chega a compensar.

Menos do 12% da poboación de Galicia é menor de 15 anos, acadando arredor de 301 mil rapaces e rapazas. A súa concentración en áreas próximas ás principais cidades e nas provincias de A Coruña e Pontevedra é aínda máis acusada que no caso da poboación xeral.

Máis do 75% da poboación reside nas dúas provincias occidentais de Galicia (A Coruña e Pontevedra) e existe máis peso da poboación feminina (as mulleres representan o 51,9% da poboación galega).

Pirámide de Poboación de Galicia



Fonte: INE. Censos de poboación e vivendas. Elaboración propia a partir dos ficheiros proporcionados polo INE 2024. Elaboración Propia



O 79,3% do alumnado galego en centros de réxime xeral non universitaria en Galicia, está matriculado en centros das provincias de A Coruña ou Pontevedra.

O alumnado das especialidades formativas máis tecnolóxicas está historicamente masculinizado. A relación deste comportamento cos niveis de capacitacións e hábitos dixitais por xénero, analízase ao longo deste informe e tamén no estudo “Talento dixital. Estudo da traxectoria profesional do perfís STEM de Galicia. Edición 2023”, elaborado polo OSIMGA.*

Nas carreiras tecnolóxicas (Enxeñarías, Informática...), os homes son clara maioría, mentres máis mulleres cursan con maior frecuencia ciencias sociais e humanidades. Na FP obsérvanse tendencias semellantes á universidade.

Por outra banda, as probas PISA de rendemento dos estudantes aos 15 anos indican, no informe 2022, que Galicia lidera a puntuación estatal a nivel de Ciencias e tamén mellora a media estatal e da OCDE en Matemáticas.

Canto á competencia matemática –principal foco da análise en 2022-, Galicia obtén 486 puntos, 13 puntos máis que España (473) e 14 máis que a OCDE (472). Só hai tres países cunha mellor evolución que Galicia nesta competencia ao longo da última década.

*<https://www.osimga.gal/gl/informes/talento-dixital-traxectoria-profesional-dos-perfis-stem-de-galicia-edicion-2023>

1.4 A dixitalización dos fogares galegos

Dixitalización dos fogares galegos (ano 2024)



O 95,7% da poboación galega emprega un smartphone. O seu uso é universal nas persoas de 16 a 44 anos mentres que, entre as persoas maiores de 65 anos, sitúase no 83,4%.

No 2024 o número de internautas galegos/as segue en aumento, experimentando un incremento dun 2,6% respecto ao ano anterior, acadando o 94%. En termos absolutos, 1.871.307 galegos/as de 16 a 74 anos utilizaron Internet nos últimos tres meses, o que representa un incremento de 63.327 internautas no último ano.



As actividades dixitais máis frecuentes inclúen a busca de información sobre bens e servizos (92,9%), as videoconferencias (92,9%), a lectura de noticias en liña (85,5%) e o uso da banca electrónica (81,6%).

A interacción coa Administración Pública a través de medios electrónicos tamén segue en alza, acadando o 86,6% dos internautas.



Fogares galegos con internet contratado. Evolución

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE 2024



O 80,7% dos fogares con persoas de 16 a 74 anos dispoñen de ordenador de sobremesa, portátil ou dispositivo co que se pode navegar por internet, polo que 781.000 fogares galegos téñeno en 2024.

Fogares galegos con ordenadores. Evolución

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE 2024

Tal e como se recolle no estudo “**Galicia. A nosa vida en dixital***”, o 95,5% dos fogares galegos con persoas de 16 a 74 anos contan con internet contratado, cun incremento do 1,3% respecto a 2023.

O 86,3% dos fogares galegos con Internet dispoñen cunha velocidade superior aos 30 Mbps, un incremento do 23,8% dende ano 2021

Fogares con internet contratado. Ano 2024



Fonte: OSIMGA + IGE 2024



2. Rapaciñ@s dixitais: acceso ás tecnoloxías

2.1




Uso de dispositivos electrónicos

2.1 Uso de dispositivos electrónicos: Rapaciñ@s e moz@s

Uso de dispositivos electrónicos ⁽¹⁾ nos últimos tres meses


Nenos/as 5 a 15 anos

(% sobre o total de persoas de 5 a 15 anos)




Comparativa por idades

(% sobre o total de persoas de 5 a 74 anos)



Evolución do indicador: Nenos/as 5 a 15 anos ⁽²⁾

(% sobre o total de persoas de 5 a 15 anos)



O 84,3% dos/as rapaciñ@s de 5 a 15 anos usaron dispositivos electrónicos no último ano (teléfonos móbiles con capacidade de conexión a internet, ordenador de sobremesa ou portátil, tablets e similares).

A baixada de dúas décimas no último ano é case inapreciable, moi inferior aos 7 puntos da edición anterior. De 2021 a 2023 houbo un freo na incorporación dos rapaciñ@s á dixitalización, e agora observamos un punto de inflexión.

Por idades, cabe salientar que a práctica totalidade (94,8%) dos rapaciñ@s de 10 a 15 anos empregan dispositivos electrónicos fronte ao 69,6% no caso dos máis pequen@s de 5 a 9 anos.


Fonte: OSIMGA + IGE (2024)

(1) Uso de teléfonos móbiles con capacidade de conexión a internet, ordenador de sobremesa ou portátil, tablets e similares.

(2) No 2022 aplícase un cuestionario diferente na enquisa estrutural a fogares, co módulo ampliado de novas tecnoloxías. Non se incluíu este indicador

2.1 Uso de dispositivos electrónicos: Rapaciñ@s e moz@s

Uso de dispositivos electrónicos ⁽¹⁾ nos últimos tres meses: Nenos/as 5 a 15 anos



No 2024 a fenda de xénero entre rapaces e rapazas é nula, as diferenzas de menos dun punto non son significativas a nivel de significatividade estatística.


O nivel socioeconómico non limita o uso de dispositivos dixitais en Galicia por parte dos nenos/as de 5 a 15 anos. Os fogares con menos ingresos están por riba 4,1 puntos porcentuais do uso dos fogares de ingresos superiores. Esta información reafirma que os casos nos que se retrasa a incorporación dos rapaciñ@s é debido a unha decisión, non a limitacións materiais.

Fonte: OSIMGA + IGE (2024)
(1) Uso de teléfonos móbiles con capacidade de conexión a internet, ordenador de sobremesa ou portátil, tablets e similares.


2.1 Uso de dispositivos electrónicos: Rapaciñ@s e moz@s

Uso de dispositivos electrónicos ⁽¹⁾ nos últimos tres meses: Nenos/as 5 a 15 anos

Segundo provincia de residencia



Nos concellos con maior número de habitantes




O uso de dispositivos electrónicos é liderado pola provincia de Ourense co 91,4%.



No uso de dispositivos electrónicos nas cidades son os rapaces e rapazas de Pontevedra os que máis os utilizan (95,5%). A excepción da Coruña, todos os grandes concellos galegos superan o 76% no uso de dispositivos electrónicos por parte dos nenos/as de 5 a 15 anos no 2024.

Os rapaciñ@s que residen en concellos que teñen entre 5.000 e 20.000 habitantes son os que presentan maior uso de dispositivos electrónicos.

Segundo tamaño do concello de residencia




2.1 Uso de dispositivos electrónicos: Rapaciñ@s e moz@s

Uso de dispositivos electrónicos⁽¹⁾ nos últimos tres meses
evolución e comparación por variables sociodemográficas 2021-2024


Fenda por Xénero

(% sobre o total de persoas de 5 a 15 anos)




Fenda por Idade

(% sobre o total de persoas de 5 a 15 anos)





Fenda por risco pobreza

(% sobre o total de persoas de 5 a 15 anos)



Fenda por rural/urbano

(% sobre o total de persoas de 5 a 15 anos)





O lixeiro descenso neste indicador de dixitalización distribúese de forma irregular. Non ten relación cos ingresos ou o hábitat nin a idade e vólvese igualar por xénero. Pasouse do descenso en todos os estratos á estabilización na última anualidade.

Este ano baixa máis de dous puntos o uso de dispositivos dos rapaces, sobe máis de dous o das rapazas. Tamén sobe máis de dous puntos nos fogares en risco de pobreza.

2.1 Uso de dispositivos electrónicos: Rapaciñ@s e moz@s

Uso de dispositivos electrónicos ⁽¹⁾ nos últimos tres meses: Nenos/as 5 a 15 anos

Segundo área comarcal de residencia



A nivel macrocomarcal, obsérvanse tendencias dispares no uso dos dispositivos electrónicos entre os nenos/as de 5 a 15 anos, nalgúns casos estas diferencias son de ata 29 puntos porcentuais entre unhas áreas comarcais e outras.

Destacan as áreas comarcais de Pontevedra Nororiental, Lugo Sur, A Mariña, Área de Ourense, O Carballiño – O Ribeiro, O Morrazo ou a Área de Pontevedra, onde o uso de dispositivos electrónicos supera o 90%.

2.2

Uso dos ordenadores




2.2 Uso dos ordenadores: Rapaciñ@s e moz@s

Uso do ordenador nos últimos tres meses. Nen@s de 5 a 15 anos

Nenos/as 5 a 15 anos

(% sobre o total de persoas de 5 a 15 anos)




O uso de ordenadores nos últimos tres meses entre @s rapaciñ@s acada o 62,3% en 2024, e case todos eles utilízano para conectarse a internet.

A utilización dos ordenadores para acceder á rede está máis estendido nos rapaces e rapazas de 10 a 15, xa chega ao 77,4%, por só un 35,3% cando son menores de 10.

Na evolución, o uso deste dispositivo sobe máis de 4 puntos "para conectarse a internet" tras a baixada de case 7 puntos de 2023.


Comparativa por idades

(% sobre o total de persoas de 5 a 74 anos)



Evolución do indicador: Nenos/as 5 a 15 anos ⁽¹⁾

(% sobre o total de persoas de 5 a 15 anos)








Fonte: OSIMGA + IGE (2024)

(1) No 2022 aplicase un cuestionario diferente na enquisa estrutural a fogares, co módulo ampliado de novas tecnoloxías. Os indicadores incluídos non conteñen o que se presenta nesta gráfica

2.2 Uso dos ordenadores: Rapaciñ@s e moz@s

Uso do ordenador nos últimos tres meses. Nen@s de 5 a 15 anos



O uso de ordenadores xa está moi estendido entre rapaciñ@s de 10 a 15 anos e sitúase por riba do 77%. Por xénero, non hai diferenzas significativas dos 10 aos 15 anos, pero o acceso de ordenadores dos menores de 10 anos é superior no caso das rapazas respecto dos rapaces, en máis de 4 puntos.


Ao contrario dos dispositivos portátiles, o uso de ordenadores, para conectarse ou non a Internet, está condicionado polo nivel socioeconómico dos menores. Cando residen en fogares en risco de pobreza están 7,7 puntos porcentuais por detrás dos fogares que non se atopan en risco de pobreza.

2.2 Uso dos ordenadores: Rapaciñ@s e moz@s

Uso do ordenador nos últimos tres meses. Nen@s de 5 a 15 anos


Segundo provincia de residencia

(% sobre o total de persoas de 5 a 15 anos)



Nos concellos con maior número de habitantes

(% sobre o total de persoas de 5 a 15 anos)





A provincia de Pontevedra lidera o uso de ordenadores d@s rapaciñ@s. En todas se supera o 60%, a excepción da Coruña.

Os concellos con maior número de habitantes seguen tendencias paralelas ás das provincias. Superan o 64% en Pontevedra, Vigo e Ourense.

O tamaño do concello presenta tendencias dispares no uso de ordenadores. A porcentaxe máis elevada de uso en 2024 é nos municipios que teñen entre 10.000 e 20.000 habitantes.

Segundo tamaño do concello de residencia


(% sobre o total de persoas de 5 a 15 anos)




2.2 Uso dos ordenadores: Rapaciñ@s e moz@s

Uso de ordenadores ⁽¹⁾ nos últimos tres meses
evolución e comparación por variables sociodemográficas 2021-2024 ⁽²⁾


Fenda por Xénero





Fenda por Idade



Fenda por risco pobreza



Fenda por rural/urbano



O uso de ordenadores por parte dos menores de 10 anos estabilízase tras a baixada da edición anterior.

Sobe claramente entre as rapazas, que superan aos rapaces e eliminan a fenda de xénero. Aumenta a fenda por risco de pobreza, distanciándose a máis de 7 puntos porcentuais.

Fonte: OSIMGA + IGE (2024)

(1) Tanto para conectarse a Internet como non



(2) No 2022 aplícase un cuestionario diferente na enquisa estrutural a fogares, co módulo ampliado de novas tecnoloxías. Non se incluíu este indicador

2.2 Uso dos ordenadores: Rapaciñ@s e moz@s

Uso do ordenador nos últimos tres meses. Nen@s de 5 a 15 anos

Segundo área comarcal de residencia

(% sobre o total de persoas de 5 a 15 anos)



Os datos máis destacados no nivel de uso dos ordenadores para conectarse a internet no 2024 están moi repartidos, acadando ou superando o 60% temos as zonas:

- Áreas da provincia de Pontevedra: O Morrazo, Vigo, Pontevedra, e Caldas – O Salnés.
- Áreas da provincia da Coruña: Ferrol-Eume-Ortegal
- Áreas de Ourense: Carballiño – O Ribeiro e área da cidade de Ourense.
- Áreas de Lugo: A Mariña, Lugo central e Lugo Sur


2.3




Uso do smartphone

2.3 Uso do smartphone: rapaciñ@s e moz@s

Uso de smartphone nos últimos tres meses : Nenos/as 5 a 15 anos



Evolución do indicador: Nenos/as 5 a 15 anos ⁽¹⁾



No último ano, o 61,3% de nenos/as de 5 a 15 anos utilizaron smartphone, a maior parte deles (58,4%) para conectarse a internet.

Os usuarios de smartphone crecen un 9,7% no último ano.

A análise detallada por idades indica que o uso do smartphone (tanto para conectarse a internet como sen uso da rede) dos rapaciñ@s de 10 a 15 anos acada o 79,4% e redúcese ao 36,2% no caso dos nenos/as de 5 a 9 anos.




Fonte: OSIMGA + IGE (2024)

(1) No 2022 aplícase un cuestionario diferente na enquisa estrutural a fogares, co módulo ampliado de novas tecnoloxías. Os indicadores incluídos non conteñen o que se presenta nesta gráfica

2.3 Uso do smartphone: rapaciñ@s e moz@s

Uso de smartphone nos últimos tres meses : Rapaciños

As rapazas de 10 a 15 anos son as que máis utilizan o teléfono móbil





A nivel de xénero, no uso de smartphones levan unha lixeira vantaxe as rapazas, tanto nas de menos de 10 anos como as de 10 a 15 anos.

O uso de smartphone de rapaciñ@s en fogares en risco de pobreza é máis alto (62,8%) que nos fogares que non están nesta situación (57,3%).

2.3 Uso do smartphone: rapaciñ@s e moz@s

Uso de smartphone nos últimos tres meses : Rapaciños



A análise do uso smartphone segundo provincias destaca un maior uso en Pontevedra (64% en 2024), igual que pasaba cos ordenadores.

Os resultados nos concellos con maior número de habitantes son dispares, o nivel de uso de smartphone de rapaciñ@s soe destacar entre os 5 e 20.000 habitantes. Destaca a cidade Pontevedra, con 80,8% de uso, mentres que A Coruña, Ourense e Lugo, non acadan o 50%.


As tendencias por tamaños de poboación, amosan novamente o liderazgo nos concellos de 10 a 20.000 habitantes pero no resto de hábitats, non se observa unha tendencia clara.

2.3 Uso do smartphone: rapaciñ@s e moz@s

Uso do smartphone ⁽¹⁾ nos últimos tres meses
evolución e comparación por variables sociodemográficas 2021-2024⁽²⁾


Fenda por Xénero

(% sobre o total de persoas de 5 a 15 anos)




Fenda por Idade

(% sobre o total de persoas de 5 a 15 anos)





Fenda por risco pobreza

(% sobre o total de persoas de 5 a 15 anos)



Fenda por rural/urbano

(% sobre o total de persoas de 5 a 15 anos)



Igual que noutros indicadores de uso de dispositivos, obsérvase un incremento do uso do smartphone dende 2023 distribuído de forma equilibrada en todas as segmentacións coa excepción de que no rural aumenta con máis forza que no urbano.

Fonte: OSIMGA + IGE (2023)


(1) Uso do smartphone tanto para conectarse a Internet ou non

(2) No 2022 aplícase un cuestionario diferente na enquisa estrutural a fogares, co módulo ampliado de novas tecnoloxías. Non se incluíu este indicador

2.3 Uso do smartphone: rapaciñ@s e moz@s

Uso de smartphone nos últimos tres meses : Rapaciños

(% sobre o total de persoas de 5 a 15 anos)



■ Si, para conectarse a internet ■ Si, pero non para conectarse a internet ■ Non



Os niveis macrocomarcais presentan situacións dispares no nivel de uso de smartphones por rapaciñ@s nos últimos tres meses, con diferenzas de ata case 40 puntos porcentuais dunhas áreas a outras.

No uso do smartphone para conectarse a internet destacan as comarcas A Coruña Suroriental, Área de Pontevedra, Caldas – O Salnés, O Carballiño-O Ribeiro, e A Mariña, que superan o 70%

En 4 das áreas non se acada o 50%.

2.4






Uso de Internet

2.4 Uso de internet: rapaciñ@s

Usou internet nos últimos tres meses: Nenos/as de 5 a 15 anos

(% sobre o total de persoas de 5 a 15 anos)







O 83,6% de rapaciñ@s de 5 a 15 anos conectáronse algunha vez a internet e o 83% fíxoo nos tres últimos meses.

Por idades, máis do 94% dos nenos/as de 10 a 15 anos empregan internet mentres que no caso dos rapaces/as máis novos, de 5 a 9 anos, a porcentaxe de uso de internet sitúase no 68,7%.

A evolución, igual que no resto de indicadores, é dunha lixeira subida tras o descenso de 2023.

2.4 Uso de internet: rapaciñ@s

Usou internet nos últimos tres meses: nenos/as de 5 a 15 anos



O uso de internet nos últimos 3 meses é lixeiramente maior entre as rapazas, con 0,5 puntos porcentuais de vantaxe respecto dos rapaces.

As nenas entre os 5 e 9 anos incorpóranse antes á rede ca os nenos. Elas avantaxan aos nenos en máis de 2 puntos porcentuais no uso de internet pero nos de 10 aos 15 anos, a diferenza invértese e son os rapaces os que superan lixeiramente as rapazas no uso de internet.


Nos últimos 3 meses, os nen@s en fogares en risco de pobreza están 4,6 puntos por riba do resto no uso de internet.

2.4 Uso de internet: rapaciñ@s

Usou internet nos últimos tres meses: nenos/as de 5 a 15 anos


Segundo provincia de residencia

(% sobre o total de persoas de 5 a 15 anos)




Nos concellos con maior número de habitantes

(% sobre o total de persoas de 5 a 15 anos)



Segundo tamaño do concello de residencia

(% sobre o total de persoas de 5 a 15 anos)



Novamente, no 2024, Pontevedra lidera a dixitalización da xente máis nova, dado que o 88% de rapaciñ@s de 5 a 15 navegaron por internet nos últimos tres meses.


Entre os concellos galegos con maior número de habitantes, Ourense, Pontevedra, Ferrol, e Vigo superan o 87% de rapaciñ@s que se conectaron a internet nos últimos tres meses.

Os rapaciñ@s dos concellos que teñen entre 10.000 mil e 20.000 habitantes son os máis dixitalizados.


2.4 Uso de internet: rapaciñ@s

Usou internet nos últimos tres meses
evolución e comparación por variables sociodemográficas 2021-2024


Fenda por Xénero





Fenda por Idade



Fenda por risco pobreza



Fenda por rural/urbano



No 2024 o uso de internet d@s rapaciños incrementase, e faíno máis intensamente entre as rapazas, dos 5 aos 9 anos, nos fogares que están en risco de pobreza e no urbano.



Os fogares en risco de pobreza son os que máis se recuperan da baixada de 2023.

2.4 Uso de internet: rapaciñ@s

Usou internet nos últimos tres meses: nenos/as de 5 a 15 anos

Segundo área comarcal de residencia

(% sobre o total de persoas de 5 a 15 anos)





Dos rapaciñ@s que navegaron máis por Internet nos últimos tres meses, con máis do 95% de uso, destacan algunhas zonas de Pontevedra e Lugo:

- Pontevedra Nororiental (100%)
- Lugo Sur (97,7%)
- A Mariña (97,4%)

2.4 Uso de internet: fogares con rapaciñ@s

Usou internet nos últimos tres meses



(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)



No 2024, mantense o crecemento do uso de internet por parte de **adultos que conviven con nenos** en idade escolar e superan en 6 puntos porcentuais aos adultos que non conviven con rapaciñ@s.


2.4.1 Uso de internet: evolución e comparación por tramos de idade

Uso internet nos últimos tres meses: evolución



O uso de internet no últimos tres meses acada o máximo valor entre os 16 e 34 anos.

Nestas gráfica apréciase como a excepción da baixada de 2022 a 2023 só se produciu entre @rapaciñ@s.



3. Tendencias Dixitais dos rapaciños e dos moz@s

3.1


Actividades realizadas na Internet por rapaciñ@s



3.1 Actividades realizadas na Internet: rapaciñ@s e moz@s

Servizos de Internet utilizados polos rapaciñ@s
Comparativa por idades

(% sobre total de persoas de 5 a 74 anos que utilizaron internet nos últimos 3 meses)



O uso dos servizos de Internet acada os seus máximos entre a mocidade galega de 16 a 34 anos, a excepción de “realizar algún curso ou formación en liña”, nas que @s rapaciños lideran o seu uso, co 66,7%.




A poboación de internauta de 16 a 34 anos destaca na utilización do resto de servizos ofertados na rede.

As diferenzas máis notables entre moz@s e rapaciñ@s encóntranse nas actividades relacionadas coa información e comunicación (buscar información, ler noticias, xornais ou revistas de actualidade en liña).

3.1 Actividades realizadas na Internet: rapaciñ@s evolución

Evolución dos servizos de Internet utilizados polos rapaciñ@s

(% sobre o total de persoas de 5 a 15 anos que utilizaron internet nos últimos 3 meses)




A pesares de que algúns dos usos dixitais permaneceron moi estables nesta última anualidade, as accións dos que accederon a internet foron máis variadas en todas as clases analizadas.

Aumentan todas as actividades analizadas en 8 puntos ou máis e ráchase a tendencia descendente de “videoconferencias e videochamadas por internet” que se apreciou despois de 2022.

3.1 Actividades realizadas na Internet: rapaciñ@s


Servizos de Internet utilizados polos rapaciñ@s



En xeral, a clase de uso que fan rapaces e rapazas de internet é moi similar. Só hai máis dun punto de diferenza no desenvolvemento de actividades de formación.

3.2

Actividades realizadas na Internet pola mocidade



3.2 Actividades realizadas na Internet pola mocidade

Actividades realizadas por Internet nos últimos 3 meses pola mocidade

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos que utilizaron internet nos últimos 3 meses)

	Mozos/as De 16 a 34 anos	Diferenza Xeracional (Puntos Porcentuais)	Maiores De 35 a 74 anos
Actividades relacionadas coa saúde			
Concertar unha cita cun médico a través dunha páxina web ou dunha app de móbil	61,7%	-7,4	69,1%
Actividades realizadas na Internet			
Banca electrónica	80,2%	-2,6	82,8%
Actividades relacionadas con la informática			
Copiar ou mover ficheiros ou carpetas	74,6%	28,1	46,5%
Usar programas de ofimática, como procesadores de texto, follas de cálculo ou realizar presentacións con diapositivas	69,8%	22,8	47,0%
Crear arquivos (documentos, vídeos) que incorporen varios elementos (texto, táboas, gráficos...)	66,1%	23,5	42,6%
Usar software para editar fotos, vídeo ou arquivos de audio	57,2%	20,6	36,6%




A excepción das actividades relacionadas coa saúde ou o emprego da banca electrónica, onde os maiores de 35 anos os superan, os moz@s internautas son máis activos na rede, observando as maiores diferencias en actividades tales coma "copiar, mover ficheiros ou carpetas", onde @s moz@s superan en máis 28 puntos porcentuais á poboación xeral.



4. Moz@s: uso das tecnoloxías na rede

4.1




Comercio Electrónico

4.1 Comercio electrónico: mocidade


Persoas que adquiriron algún ben ou servizo a través de Internet

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)





Mozo@s (16-34)

(% o total de persoas de 16 a 74 anos)



Maiores (35-74 anos)

(% o total de persoas de 16 a 74 anos)



O 86,4% dos mozo@s galegos de 16 a 34 anos compraron bens ou servizos a través de Internet durante o 2024, 24,8 puntos porcentuais máis que os maiores, de 35 a 74 anos.



4.2




Ciberseguridad

4.2 Ciberseguridade: mocidade

Persoas que sufriron algún incidente de ciberseguridade nos últimos doce meses segundo a idade

(% sobre as persoas de 16 a 74 anos que utilizaron Internet nos últimos doce meses)



O 17,9% dos mozos e mozas internautas de 16 a 34 anos tiveron algún tipo de incidente relacionado coa ciberseguridade durante o 2024.

Entre os adultos de 35 a 74 anos sufriron incidentes de seguridade nun 16,6% dos casos. A diferenza é de 1,3 puntos porcentuais.

4.3




Administración electrónica

4.3 Administración electrónica: mocidade

Trámites coa administración segundo a idade

(% sobre as persoas de 16 a 74 anos que utilizaron Internet nos últimos doce meses)




Os internautas galegos de entre 16 e 34 anos adoitan relacionarse con maior frecuencia coas AAPP a través da e-Administración, rexistrando vantaxes de 10 puntos porcentuais respecto das persoas maiores de 34 anos.



5. Comparación por edades: rapaciñ@s e adult@s

5.1 Comparación por idades: uso de dispositivos electrónicos

Uso de dispositivos electrónicos ⁽¹⁾: comparación por idades





Os/as rapaciñ@s incorpóranse plenamente ao uso dos dispositivos electrónicos a partir dos 10 anos, con un uso practicamente universal (94,8%).

A partir dos 10 anos, todos os tramos se manteñen en valores moi altos no uso de dispositivos dixitais, superiores ao 94,5%, ata os 65 anos.

5.2 Comparación por idades: uso do ordenador

Usou do ordenador ⁽¹⁾ nos últimos tres meses: comparación por idades




O nivel medio de usuari@s de ordenadores entre rapaciños e poboación xeral supera o 62%, acadando o seu punto máis elevado entre os 16 e 24 anos, onde o 91% dos mozos utilizaron o ordenador nos últimos tres meses.

Fonte: OSIMGA + IGE (2024)
(1) O uso do ordenador contempla tanto os que o usan para conectarse a internet coma os que non

5.3 Comparación por idades: uso do smartphone

Usou do smartphone ⁽¹⁾ nos últimos tres meses: comparación por idades




A poboación xeral supera o 95% no uso de smartphone, acadando o seu punto máis elevado entre os 16 e 54 anos, onde o 98,5% ou máis utilizaron o teléfono móbil nos últimos tres meses, xa sexa para conectarse a internet (na maioría dos casos) como para o seu uso sen conectividade.

Máis de 6 de cada 10 nenos entre 5-15 anos usaron o smartphone no 2024, sendo entre os rapaciñ@s de 10 a 15 anos onde o uso é máis estendido.

Fonte: OSIMGA + IGE (2024)
(1) O uso do smartphone neste apartado contempla tanto os que o usan para conectarse a internet coma os que non

5.4 Comparación por idades: uso de internet

Usou internet nos últimos 3 meses: comparación por idades



A porcentaxe de rapaciñ@s que utilizou internet nos últimos tres meses é 10 puntos porcentuais inferior que os adultos no ano 2024.

A porcentaxe de usuarios/as é elevado, do 94% ou máis dende os 10 anos ata os 54 anos.



6. Acesso aos equipamentos educativos digitais

6.1

Equipamentos nos fogares con rapaciñ@s




6.1 Equipamentos nos fogares con rapaciñ@s



O 94,8% dos fogares onde residen nenos/as en idade escolar contan con ordenadores, superando en 18,2 puntos porcentuais aos fogares onde non o fan

Fogares con ordenador

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)




A convivencia con nenos/as en idade escolar obrigatoria continúa a ser un factor que incide nunha maior presenza de equipamentos e dixitalización dos fogares.

Nos fogares onde residen nenos/as en idade escolar, a presenza de ordenadores supera á media do resto de fogares en 18,2 puntos porcentuais.

6.1 Fogares dixitalizados

Equipamentos TIC dos fogares

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)



A presenza de menores en idade escolar repercute de xeito positivo na dixitalización, non só na dispoñibilidade de ordenadores no fogar, senón tamén en todo tipo de equipamento TIC.


6.1 Fogares con internet



Nos fogares con nenos/as en idade escolar (dos 3 aos 16 anos), a porcentaxe de contratación de Internet acadou o 100%, superando así a media autonómica en 4,5 puntos porcentuais.

Fogares con conexión a internet

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)



A contratación de Internet está relacionada coa convivencia de nenos/as en idade escolar.

O acceso a Internet contratado esténdese á totalidade dos fogares onde residen nenos/as en idade escolar obrigatoria, acadando o 100% e superando en 5,7 puntos a porcentaxe de fogares onde non residen estes menores.


6.2

Equipamentos dixitais nos centros educativos de Galicia



6.2 Equipamento dixital nos centros educativos de Galicia

Centros educativos con conexión a internet e velocidade superior a 100 Mbps




A conexión a internet xa é universal nos centros educativos, pero a velocidade de conexión presenta algúns contrastes por comunidades autónomas.

Galicia ocupa 5º lugar en porcentaxe de centros educativos con velocidade de conexión superior a 100 Mbps. Supera á media do Estado en máis de 22,3 puntos porcentuais.

6.2 Equipamento dixital nos centros educativos de Galicia


Ratio de alumnos por ordenador nos centros educativos



No curso 2022-2023, Galicia situouse no sexto posto a nivel estatal na ratio de alumnos por ordenador nos centros educativos ao dispoñer dun ordenador por cada 2 alumnos, só superada por Navarra, País Vasco, Extremadura, Cantabria e Cataluña. A media estatal sitúanse en 2,6 alumnos por ordenador.

6.2 Equipamento dixital nos centros educativos de Galicia

Porcentaxe de aulas con Sistemas Dixitais Interactivos (SDI)




Os sistemas dixitais interactivos significan que as aulas están dotadas dunha serie de elementos dixitais integrados con conexión á rede e operables a través dun ordenador ou dispositivo dixital: pizarras virtuais, sistemas de son, monitores de televisión, etc.

Galicia supera á media estatal de aulas dotadas de SDI en 7,6 puntos porcentuais, acadando o 69,6% e ocupando así o 4º posto.

6.2 Equipamento dixital nos centros educativos de Galicia

Porcentaxe de centros con Contornas Virtuais de Aprendizaxe



A Contorna Virtual de Aprendizaxe (CVA) é un espazo educativo aloxado na web, un conxunto de ferramentas informáticas que posibilitan a interacción didáctica de xeito que o alumno poida desenvolver labores propias da docencia como realizar preguntas, exercicios, ler documentos, etc..

Galicia ocupa o 2º lugar en porcentaxe de centros con CVA, mellorando a media estatal en 17,3 puntos porcentuais.



7. Conclusiones

7. Conclusións: rapaciñ@s



O nivel de dixitalización dos rapaciñ@s galegos de 5 a 15 anos en 2024 é moi alto, crescendo tras detectar unha baixada na anterior anualidade. Os seus fogares están mellor equipados que os da poboación xeral e o seu uso de dispositivos, dos 10 aos 15 anos xa está a menos dun punto do da poboación xeral.

En todos os indicadores de dixitalización, as diferenzas de xénero d@s rapaciñ@s son mínimas ou nulas.

Nos municipios de tamaño medio (5.000 a 20.000 habitantes) o nivel de dixitalización dos rapaciñ@s é superior.

O 62,3% dos rapaciñ@s usou ordenadores nos últimos tres meses e case todos/as utilizaróno para conectarse a internet.

O smartphone foi utilizado, tanto para conectarse a internet coma non, polo 61,3% de rapaces de 5 a 15 anos e a porcentaxe supera o 77% entre os de 10 a 15 anos.

O 83,6% de rapaciñ@s accederon algunha vez a internet e o 83% fíxoo nos tres últimos meses. Este indicador acada o 94% entre os nenos/as de 10 a 15 anos.

No 2024, o 73,1% dos rapaciñ@s de 5 a 15 anos acceden para telefonar por internet / videoconferencia, seguidos do 66,7% que realizan algún curso en liña.

Os fogares con rapaciñ@s están moito máis equipados ca o resto, chegando a avantaxar en máis de 20 puntos na presenza de ordenadores portátiles, tablets, vídeo consolas e smart tv.



7. Conclusións: mocidade



O 86,4% da mocidade realiza compras por internet, co que supera en máis de 24 puntos á poboación de 35 a 74.

A excepción das actividades relacionadas coa saúde ou o emprego da banca electrónica, onde os maiores de 35 anos os superan, os moz@s internautas son máis activos na rede, observando as maiores diferencias en actividades tales coma "copiar, mover ficheiros ou carpetas", onde @s moz@s superan en máis 28 puntos porcentuais á poboación xeral.

Os internautas galegos de 16 a 34 anos superan en máis de 10 puntos porcentuais o uso da administración electrónica respecto dos demais rangos de idade.

A porcentaxe de moz@s que sufriron incidentes de ciberseguridade (17,9%) é superior aos maiores de 35 anos en 1,3 puntos porcentuais.





8. Outros estudos OSIMGA de referencia

5. Outros estudos OSIMGA de referencia



Este informe, de periodicidade anual, avalía a evolución da dixitalización na sociedade galega. Foi realizado no marco do convenio asinado entre a Amtega e o IGE, a partir dos datos recollidos na “Enquisa Estructural a fogares” do Instituto Galego de Estatística e posteriormente analizados polo OSIMGA.


<https://www.osimga.gal/gl/informes/galicia-nosa-vida-en-dixital-edicion-2024>



O estudo das Competencias dixitais da poboación galegas permitiu medir as habilidades relacionadas coa información, comunicación, resolución de problemas e software.

Mide o estado actual e as necesidades para o establecemento do marco común do novo certificado co que as persoas de Galicia poderán acreditar as súas competencias dixitais. Galicia é a primeira comunidade en adaptar a normativa aos criterios do Marco europeo de competencias dixitais para a cidadanía.

<https://www.osimga.gal/gl/informes/competencias-dixitais-da-poboacion-galega-ano-2023>



Este estudo permitiu identificar os perfís dixitais presentes no tecido empresarial galego e detectar a demanda de novas especializacións, especialmente no ámbito das tecnoloxías disruptivas. Analiza as tendencias educativas prestando especial atención nas relacionadas coa dixitalización.

Presta especial atención ao papel que desenvolven no mercado laboral as persoas con titulacións STEM (Ciencias, Tecnoloxía, Matemáticas e Enxeñarías). <https://www.osimga.gal/gl/informes/talento-dixital-traxectoria-profesional-dos-perfis-stem-de-galicia-edicion-2023>



Este informe anual serve para analizar comparativamente os principais indicadores que definen as diferenzas de xénero no acceso e uso das tecnoloxías da información e da comunicación en Galicia. Estudar a influencia do hábitat na fenda dixital segundo o sexo.

Baséase na enquisa estrutural a fogares do IGE, e a Encuesta sobre Equipamiento y Uso de Tecnologías de Información y Comunicación en los Hogares (INE).

<https://www.osimga.gal/gl/informes/mulleres-en-dixital-o-uso-das-tic-desde-unha-perspectiva-de-xenero-edicion-2024>



AXENCIA PARA A
MODERNIZACIÓN
TECNOLÓXICA DE GALICIA



OBSERVATORIO
DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN
E A MODERNIZACIÓN DE GALICIA